



**ACTA DA SESION ORDINARIA CELEBRADA POLO PLENO DO CONCELLO
O DIA VINTE E NOVE DE DECEMBRO DE DOUS MIL ONCE.**

ASISTENTES:

ALCALDE-PRESIDENTE

D. Melchor Roel Rivas

CONCELLEIROS

D^a. María Loureiro García, (PS de G-PSOE)
D. Jesús Antonio Fernández Cal, (PS de G-PSOE)
D^a. M^a. Isabel Rodríguez López, (PS de G-PSOE)
D. Carlos Alberto Gueimunde Cabaleiro, (PS de G-PSOE)
D^a. Covadonga Viamonte Aguiar, (PS de G-PSOE)
D. César Aja Mariño, (P.P.)
D. Jaime Eduardo de Olano Vela (P.P.)
D. Celestino Valentín García Paz (P.P.)
D. Antonio José Bouza Rodil, (P.P.)
D. Bernardo José Fraga Galdo (B.N.G.)
D. Manuel Galdo Dopico (B.N.G.)
D. Guillermo Leal Arias (IVI)
D. Jesús Fernández Fernández (IVI)

XUSTIFICAN A SÚA AUSENCIA

D^a. Olaia Casas Chaves (B.N.G.)

SECRETARIA ACCIDENTAL

D^a. Fátima Moar Rivera

NON ASISTE O INTERVENTOR

D. Fidel García Martúl.

Na Casa do Excmo. Concello de Viveiro, sendo as vinte horas trinta minutos do día vinte e nove de decembro de dous mil once, baixo a Presidencia do Sr. Alcalde, D. Melchor Roel Rivas, e coa asistencia dos Sres. Concelleiros relacionados anteriormente, así como da Secretaria accidental, D^a. Fátima Moar Rivera, que substitúe, celebrase sesión ordinaria do Pleno do Concello, en primeira convocatoria.



1º.-APROBACION, SE PROCEDE, DAS ACTAS DAS SESIÓNS ORDINARIA DO DIA 27 DE OUTUBRO DE 2011 E EXTRAORDINARIA DO DIA ONCE DE NOVEMBRO DE 2011.

Polo Sr. Alcalde, D. Melchor Roel Rivas, pregúntase aos Srs. Concelleiros se teñen algunha rectificación ou aclaración que facer a acta da sesión ordinaria celebrada o día 27 de outubro de 2011.

Producíndose a aclaración do Concelleiro, D. Celestino Valentín García Paz, do (P.P.) quén desexa facer unha aclaración á reflectida Acta, e dí que na páxina , 12-da Acta do 27 de outubro de 2012, na súa intervención e refiní ondose á frase última, é incorrecto o de que, pero como di fulano...,como non pode ser doutra maneira...; sendo correcto da maneira que: como dicía un compañeiro da anterior corporación, como non pode ser doutra maneira, nosoutros vamos votar a favor.

Seguidamente polo Sr. Concelleiro D. Celestino Valentín García Paz, do P.P. fai outra corrección de erros, é referente á Acta do 11 de Novembro de 2011, e ven en dicir que é incorrecto o día 11 de Novembro de 2011, xa que debe dicir e é correcto "Acta da sesión extraordinaria do día 10 de Novembro de 2011.

E non producíndose máis obxeccións ou puntualizacións á Acta da sesión ordinaria celebrada o día 27 de outubro de 2011 e Acta da sesión extraordinaria do día 10 de novembro de 2011, o Pleno da Corporación, por unanimidade dos membros presentes, acorda prestarlles a súa aprobación.

2º.-MOCION DO BNG SOBRE A ANULACION DA TARXETA SANITARIA ÁS PERSOAS DESEMPREGADAS E PERSOAS SEN RECURSOS ECONOMICOS.

Polo Tenente de Alcalde, D. Manuel Galdo Dopico, do Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego (BNG), no Concello de Viveiro, presenta a seguinte moción que dí:

"MOCION SOBRE A ANULACION DA TARXETA SANITARIA ÁS PERSOAS DESEMPREGADAS E PERSOAS SEN RECURSOS ECONOMICOS.

EXPOSICION DE MOTIVOS

O día 9 de setembro de 2011 A Consellería de Sanidade da Xunta de Galiza publicou no Diario Oficial unha orde na que regula o dereito de acceso á asistencia sanitaria para as persoas sen recursos económicos suficientes e para



as persoas desempregadas. Posteriormente remitiu aos centros de saúde un Protocolo de traballo para a posta en marcha da devandita Orde. Neste protocolo indícase: "Dende a entrada en vigor da Orde as persoas sen recursos que soliciten teñen dereito á atención de urxencias e emerxencias, polo que, ante a solicitude dunha atención urxente é necesario dar unha alta rápida no aplicativo con documentación acreditativa "PRIVADO", previa busca do cidadán na aplicación, sempre se lles entregará o medole de compromiso de pago para que o asinen, escribindo a man (mentres non estea preparado o modelo na aplicación o seguinte texto: Persoas sen recursos económicos suficientes en tramitación. Só asistencia urxencia/emergencia".

Segundo se indica no texto literal reproducido, as persoas afectadas só teñen dereito, previo compromiso de pago, á atención de urxencias e emerxencias, é dicir, perden o dereito á sanidade pública universal, fican sen médico/a de cabeceira, sen probas diagnósticas nin especialistas, non teñen, en definitiva, asistencia sanitaria completa. Estas persoas quedan tamén sen a asistencia farmacéutica ata que volvan a ter todos os papeis en regra para volver estar de alta.

O proceso de clasificación das persoas afectadas nunha nova categoría non pode conlevar a desactivación dos seus dereitos sanitarios e menos sen recibir información por parte do Goberno galego do que está a suceder.

Todas as persoas afectadas terán a obriga de solicitar unha tarxeta de persoas sen recursos mais esa solicitude pode tardar en aprobarse entre oito e dez meses, polo que durante todo ese tempo permanecerán sen asistencia gratuita.

Esta orde está totalmente inxustificada, é inhumana e desoladora, xa que vulnera os dereitos básicos da cidadanía e rompe os principios de universalidade e equidade da Sanidade Pública. O goberno do PP na Xunta de Galiza está a levar adiante unha serie de medidas que pretenden a privatización e o desmantelamento da sanidade pública no noso país como demostra a redución de persoal sanitario mediante a non cobertura de baixas e xubilacións, a redución de consultas e actividades nos quirófanos na quenda de tarde, o incremento dos conceptos privados a entrada de capital privado no financiamento dos novos hospitais ou o recorte de 237 millóns de euros no orxamento da sanidade pública.

Por todo isto, propoñémoslle ao Pleno da Corporación municipal a adopción do seguinte
ACORDO:

Instar á Xunta de Galiza a :



1. Retirar de xeito inmediato o Protocolo que desenvolve a Orde de 5 de setembro de 2011 publicad ano DOG do 9 de setembro.
2. Restituir de todos os dereitos das persoas que foron prexudicadas polo mencionado Protocolo reactivando as tarxetas anuladas.
3. Evitar que os cambios burocráticos que se deban realizar non repercutan no exercicio dos dereitos sanitarios da poboación galega."

Aberta a quenda de intervencións, prodúcense:

A de D. Jaime Eduardo de Olano Vela, Concelleiro do PP) quén ven en dicir que a lexislación do Instituto Nacional da Seguridade Social é de ámbito estatal, é e quén determina quén ten dereito á Seguridade Social, ademais non hai que confundir "o Protocolo" cunha Orde da Xunta que intenta arranxar o erro que se provocou no volcado de datos, e o R/Decreto 1088/89 do 8 de setembro, polo que se estende a cobertura da asistencia sanitaria da Seguridade Social ás persoas sen recursos económicos suficientes e a mesma Orde, ven en protexer a estas persoas, sin recursos e os tramites son os mesmos e neste período intermedio queda cuberto polo Servizo Galego de Saúde (SERGAS). Para rematar, indica que o protocolo si nalgun momento houbo que anulalo, fai un mes, neste intre ven tarde. Tamén dí que a postura do BNG é crear alarma social para conseguir votos.

Seguidamente, intervén D^a. Covadonga Viamonte Aguiar, Concelleira e Vicevoceira do (PS de G-PSOE), quén dí que o seu partido vai a votar a favor da moción e que depende do Instituto Nacional da Seguridade Social, pero o que dí o Real Decreto 1089, do 8 de setembro, polo que se estende a cobertura da asistencia sanitaria da Seguridade Social ás persoas sen recursos económicos suficientes, é unha cousa; e o que dí a Xunta de Galicia é outra cousa. Nos estivemos en colexios públicos e sabemos ler e pedimos ante esta problemática social derivada da orde do 5 de setembro da Consellería de Sanidade a rectificación por parte da Xunta de Galicia neste tema, e reposición do dereito a protección da saúde e á atención sanitaria, polo que se recupere ter o dereito á sanidade pública universal xa que en Galicia temos o mesmo dereito recollido na Lei Xeral de Sanidade.

Intervén, a continuación, D. Guillermo Leal Arias, e dí que a exposición está moi clara e que a teoría é unha cousa e a práctica e, a traba burocrática, é outra. Os prazos son longos e non son atendidos en tempo e forma, tampouco se cubren as prazas e non hai persoal. Indica que hai escasez de persoal no Centro de Saúde de Viveiro e estase a afectar a todos os servizos sanitarios que se prestan, pois hai unha paciente que leva dez días intentando que se lle practique un electrocardiograma. Para rematar indica que hai prazos de



enfermería sen cubrir e que se atenden as urxencias precisas, e o noso Grupo vai votar a favor da moción ante esta problemática social.

Intervén seguidamente o Tenente de Alcalde, D. Manuel Galdo Dopico, do BNG e indica que o seu partido ven en defender a moción para que a Corporación Municipal inste á Consellería de Sanidade a anular a Orde de 5 de setembro da Consellería de Sanidade e a retirada do protocolo que desenvolve a Orde do 5 de setembro e deixa a os parados de longa duración sin cobertura sanitaria.

Seguidamente, procédese a efectuar a votación e o Pleno da Corporación, por dez votos a favor (PS de G-PSOE, BNG e IVI) e seis votos en contra do (PP), acorda:

Aprobar os puntos da Moción presentada polo Sr. Tenente de Alcalde do BNG, D. Manuel Galdo Dopico, sendo os seguintes:

Instar á Xunta de Galiza a :

1. Retirar de xeito inmediato o Protocolo que desenvolve a Orde de 5 de setembro de 2011 publicad ano DOG do 9 de setembro.
2. Restituir de todos os dereitos das persoas que foron prexudicadas polo mencionado Protocolo reactivando as tarxetas anuladas.
3. Evitar que os cambios buroráticos que se deban realizar non repercutan no exercicio dos dereitos sanitarios da poboación galega.

3º.- DACION DE CONTA DE RESOLUCIONS DA ALCALDÍA

Polo Sr. Alcalde D. Melchor Roel Rivas, dase conta ao Pleno Corporativo das Resolucións da Alcaldía dos meses de novembro e decembro según listaxes que se inclúen no expediente da súa razón.

4º.-ROGOS E PREGUNTAS

D. Guillermo Leal Arias, portavoz do Grupo Municipal do Partido Independientes de Viveiro (IVI), no Concello de Viveiro

1.- Unha das fontes máis antigas de Viveiro, que data do século XIV, a do Cadafalso, no inicio da rúa Alonso Pérez, que conta con tres saídas para auga, esta practicamente sen caudal.Varios usuarios que acudían diariamente a ela fixéronnos chegar as súas queixas dado que non lle atopan explicación o porque non chega a auga os canos.Temen que a auga sexa desviada no



percorrido. Por elo SOLICITAMOS A Concellería de Obras que busque o problema e lle día unha solución a fin de poñela en funcionamento.

Resposta da Presidencia

Polo Sr. Alcalde, dícese que a esta fonte do Cadafalso téñese moito cariño e levaba máis de vinte anos sin funcionar. Esta fonte foi arranxada e xa se conectaba cuns mananciais veciñais, pero neste intre temos que mirar que é o que pasa co caudal.

2.- Dun tempo a esta parte estáse notando cada vez máis, que tanto nas rúas, aceras e tamén nos xardíns dos parques e zonas de zogos intantís atópanse escrementos de cans, o que ademáis de ser unha guarrada deixa unha imaxe que ten bastante que desexar. Si son moitos os donos que recollen os escrementos outros moitos non o fan. SOLICITAMOS ao equipo de goberno que extreme a vixilancia, e aplique a ordenanza municipal correspondente e proceda a sancionar os infractores.

Resposta da Presidencia:

Polo Sr. Alcalde, dícese que vai reforzar a vixilancia de persoal, sempre que haxa persoal en activo para efectuar os servizos, pois estáse a vivir, no segundo semestre, baixas por enfermidade común, que ascenden a máis de 800 días de baixa, por parte de persoal vixiante e por parte de membros da Policía municipal.

3.- A finais do pasado mes de Novembro foi clausurada a Exposición da conmemoración do bicentenario do Ilustre viveirense, D. Nicomedes Pastor Díaz Corbelle, que durante un tempo estivo aberta no salón multiusos do Conservatorio de música e que foi organizada maxistralmente polo Seminario de Estudos Terra de Viveiro. Estaba previsto que a Real Academia Galega fixera na nosa cidade, como remate a este bicentenario. O final no foi así e celebráronse na cidade da Coruña o día 1 de Decembro. Nese acto non houbo ningunha representación institucional da Corporación Municipal de Viveiro, que lembremos representa a tyódolos veciños e veciñas do Concello. Por elo, preguntamos o equipo de goberno, ¿Deuse algunha explicación por parte da RAG para a non celebración en Viveiro dese acto? ¿Foi invitado o Sr. Alcalde o acto na cidade herculina?

Resposta da Presidencia:

Polo Sr. Alcalde, respóntase que a esta pregunta prefire contestar na seguinte sesión plenaria e está de acordo de que polo Seminario de Estudos "Terra de Viveiro" se organizou maxistralmente a exposición do bicentenario do Ilustre viveirense, D. Nicomedes Pastor Díaz, polo que presentarei a resposta conxunta.



4.- Varias farolas da variante levan tempo sen arranxar, así como a da curva fronte o IES Maria Sarmiento. ¿Cando está previsto a posta en funcionamento de novo?.

Resposta da Presidencia:

Polo Sr. Alcalde, contéstase que cando pague o seguro.

5.- Co respecto o alumeadado público, ten o equipo de goberno pensado na reestructuración do mesmo ó obxecto do aforro enerxético?.

Resposta da Presidencia:

Polo Sr. Alcalde, contéstase que ten pensado non só co aforro enerxético senón na revisión das tarifas.

6.- Antes da entrada o barrio da Atalaia, hai bastante deficiencia en canto a puntos de luz se refire. SOLICITAMOS á Concellería de Obras a súa revisión e estudo para ver se son suficientes.

Resposta da Presidencia

Polo Sr. Alcalde, contéstase que as farolas do barrio de Atalaia están funcionando todas, pero estanse apangado algunhas para aforrar, aínda que o aforro non pode ir en contra da seguridade do cidadán.

7.- Despois das obras de acceso na Rúa Atalaia, dende o barrio o Celeiriño, quedárase en retranquear o xardín que esta o pé das escaleiras, para que poidesen xirar os vehículos, ¿Cando está previsto realizar esa obra?.

Resposta da Presidencia

Polo Sr. Alcalde, contéstase que onte mesmo remataron de asinar un convenio pola Vicepresidenta e o Alcalde dun total de 120.000 Euros para arranxo da 2ª parte das rúas do Celeiriño.

8.- O pasado mes de Xaneiro de 2011 o deputado autonómico Sr. Balseiro, anunciaba a bombo e platillo o inminente arranxo da LU-862 entre Viveiro e o límite de provincia. A obra en dita estrada foi realizada ata o alto das Sirenas. Tanto na travesías de Cantarrana, así como na Avda. da Marina e tamén na Avda. Ramón Canosa hai suficientes baches como pa acelerar o seu remate. Por elo preguntamos. ¿Ten constancia o equipo de goberno para cando se vai proceder o remate desta obra?.

Resposta da Presidencia:

Polo Sr. Alcalde, contéstaselle que o Sr. Balseiro sempre anuncia obras para Viveiro, e logo, pararon en Covas e ten que chegar ata Area, os prazos están cumpridos, e temos que esperar que non sexa como en Burela que non hai cartos.



ROGOS

1.- A antiga pista do Centro da Xuventude (Antigua OJE), atópase co chán cheo de musgo, o que provoca un perigo para os nenos/as que alí xogan. Por elo e facéndonos eco da petición de varios pais ROGAMOS que por parte do Concello se inste a Xunta de Galicia para que proceda o seu adecentamento.

Resposta da Presidencia:

Polo Sr. Alcalde, contéstaselle que se terá en conta e se farán as xestións ante a Xunta de Galicia para que proceda ao seu adecentamento.

2.- Despois dunhas obras realizadas da carretar Viveiro-Ribadeo o seu paso polo lugar da Casanova en Celeiro, sacáronse dous indicadores en ámbalas direccións que sinalaban a entrada a Atalaia. A esta data aínda no están postos de novo. ROGAMOS A Concellería da obras os volva a repoñer a maior brevidade.

Polo Sr. Alcalde indícase que, previa consulta coa Consellería de Medio Ambiente, se retiraron por seguridade e temos que preguntar si autorizan volver a poñelos.

3.- Nas obras da VAC entre San Cibrao e Celeiro, dende o alto do Cruceiro ata o cruce de Area, fixéronse varios desvios provisionais, e dado o perigo que conleva ROGAMOS que se fagan as xestións oportunas para a sinalización deses tramos a maior brevidade posible para evitar novos accidentes.

Polo Sr. Alcalde, indícase que se contesta da mesma maneira que no ROGO anterior e se farán as xestións para que se proceda a sinalización deses tramos.

Seguidamente intervén D. Cesar Aja Mariño, Concelleiro do PP e solicita autorización para facer varias preguntas verbais.

Polo Sr. Alcalde, D. Melchor Roel Rivas, contéstalle que xa dí, e que o edil ten coñecemento de que, no acordo do Pleno do ano 2003, que as preguntas dos partidos deberían rexistrarse previamente e presentarse nun prazo de 48 horas sempre por escrito.

Novamente intervén D. César Aja Mariño, do PP, que insiste e dí que ten dereito a facer preguntas oralmente e que ningunha Lei o impide, polo contrario ante a negativa, estarase conculcando os nosos dereitos...

Intervén novamente o Sr. Alcalde, D. Melchor Roel Rivas, e indica que o Sr. Aja Mariño sabe do acordo do 2003 que xa dicía que se deberían presentar as



pregunta por escrito e coa antelación suficiente, e sinala que contestará as preguntas que están por escrito, e dirixíndose dí, si vostede quere facer constar na presente Acta as preguntas, pode facelo constar, pero non deixa de ser falta de boa vontade e falta de respecto cara ao resto de membros da Corporación, que sí veñen en acatar o acordo e acostuman presentar as preguntas por escrito e coa debida antelación. Pero o que pasa, continúa o Sr. Alcalde, e que o Sr. Aja Mariño ven en creerse por enriba dos demais..... polo que, cando lle dea a palabra, poderá falar e as preguntas serán contestadas nun período de tempo que me sexa conveniente, remata o Sr. Alcalde.

A continuación o Sr. Aja Mariño, do (P.P), quere facer constar que él non pretende quedar por enriba dos seus compañeiros de Corporación, pero tampouco pretende quedar por debaixo....

Seguidamente, no uso da palabra D. César Aja Mariño, Concelleiro do Grupo Municipal Popular de Viveiro, realiza ao Sr. Alcalde da Corporación, as seguintes preguntas sobre as que desexa obter a correspondente resposta, ben oral ou ben escrita.

1.-Desexamos coñecer que cantidade se lle debe, a día de hoxe, á empresa AQUAGEST.¿Ten recoñecidas as facturas?.

2.-Desexamos coñecer que cantidade se le debe, a día de hoxe, á empresa APLICACIONES GÓMEZ e que tipo de contrato existe coa mesma., ao tempo que solicitamos se nos facilite copia do mencionado contrato.¿Ten recoñecidas as facturas?.

3.-Desexamos coñecer que cantidade se lle debe, a día de hoxe, á empresa BEGASA. ¿Ten recoñecidas as facturas?.

4.-Desexamos coñecer que cantidade se lle debe,a día do hoxe,á empresa EON ENERGIAS S.L. ¿Ten recoñecidas as facturas?.

5.-Desexamos coñecer que cantidade se lle debe, a día de hoxe, á empresa GAS NATURAL. ¿Ten recoñecidas as facturas?.

6.-Desexamos coñecer que cantidade se lle debe, a día de hoxe, á entidade Centro Comarcal Mariña Occidental.¿Ten recoñecidas as facturas?.

7.-Desexamos coñecer que cantidade se lle debe a día de hoxe ao Sr. CORTON MUINELO. ¿Ten recoñecidas as facturas?.

8.-Desexamos coñecer que cantidade se lle debe, a día de hoxe, á empresa LÓPEZ FIGUEIRAS e que tipo de contrato existe coa mesma, ao tempo que



solicitamos se nos facilite copia do mencionado contrato. ¿Ten recoñecidas as facturas?

9.-Desexamos coñecer que cantidade se lle debe, a día de hoxe, á empresa PROEL ASCENSORES¿Ten recoñecidas as facturas?.

10.-Desexamos coñecer que cantidade se lle debe, a día de hoxe, á empresa REIBERCO INTERNACIONAL que tipo de contrato existe coa mesma, ao tempo que solicitamos se nos facilite copia do mencionado contrato. ¿Ten recoñecidas as facturas?.

11.-Desexamos coñecer que cantidade se lle debe a día de hoxe á empresa SOGAMA.¿Ten recoñecidas as facturas?.

12.-Desexamos coñecer que cantidade se lle debe a día de hoxe á empresa ZIEGLER ESPAÑA,S.L.,que tipo de contrato existe coa mesma, ao tempo que solicitamos se nos facilite copia do mencionado contrato.¿Ten recoñecidas as facturas?.

13.-Desexamos coñecer que cantidade se lle debe, a día de hoxe, á empresa ARIAS SERANTES, que tipo de contrato existe coa mesma, ao tempo que solicitamos se nos facilite copia do mencionado contrato ¿Ten recoñecidas as facturas?.

14.-Desexamos coñecer que cantidade se lle debe, a día de hoxe, á empresa AGRICENTRO DA COSTA, que tipo de contrato existe coa mesma, ao tempo que solicitamos se nos facilite copia do mencionado contrato. ¿Ten recoñecidas as facturas?.

15.- Desexamos coñecer que cantidade se lle debe, a día de hoxe, á empresa LUZSON CB, que tipo de contrato existe coa mesma, ao tempo que solicitamos se nos facilite copia do mencionado contrato.¿Ten recoñecidas as facturas?.

16.- Desexamos coñecer que cantidade se lle debe, a día de hoxe, á empresa MAFRE SEGUROS, que tipo de contrato existe coa mesma, ao tempo que solicitamos se nos facilite copia do mencionado contrato.¿Ten recoñecidas as facturas?.

17.- Desexamos coñecer que cantidade se lle debe, a día de hoxe, á empresa MOTOMAR SL,, que tipo de contrato existe coa mesma, ao tempo que solicitamos se nos facilite copia do mencionado contrato.¿Ten recoñecidas as facturas.

18.-Desexamos coñecer que cantidade se lle debe, a día de hoxe, á empresa NEUMATICOS MIÑOR, que tipo de contrato existe coa mesma, ao tempo que



solicitamos se nos facilite copia do mencionado contrato.¿Ten recoñecidas as facturas?.

9.- Desexamos coñecer que cantidade se lle debe, a día de hoxe, á empresa LITO ORQUESTAS, que tipo de contrato existe coa mesma, ao tempo que solicitamos se nos facilite copia do mencionado contrato. ¿Ten recoñecidas as facturas?.

20.- Desexamos coñecer que cantidade se lle debe, a día de hoxe, á empresa RTVG, que tipo de contrato existe coa mesma, ao tempo que solicitamos se nos facilite copia do mencionado contrato.¿Ten recoñecidas as facturas?.

21.- Desexamos coñecer que cantidade se lle debe, a día de hoxe, á empresa REIRIZ FUEGOS ARTIFICIALES S.L.. que tipo de contrato existe coa mesma, ao tempo que solicitamos se nos facilite copia do mencionado contrato. ¿Ten recoñecidas as facturas?.

22.- Desexamos coñecer que cantidade se lle debe, a día de hoxe, á empresa LOUZAO RESTAURANTE,. que tipo de contrato existe coa mesma, ao tempo que solicitamos se nos facilite copia do mencionado contrato. ¿Ten recoñecidas as facturas?.

23.- Desexamos coñecer que cantidade se lle debe, a día de hoxe, á empresa ARRIVA NOROESTE, que tipo de contrato existe coa mesma, ao tempo que solicitamos se nos facilite copia do mencionado contrato. ¿Ten recoñecidas as facturas?.

24.-Desexamos conecer que cantidade se lle debe a día de hoxe á empresa ARIAS Y CASABELLA S.L., que tipo de contrato existe coa mesma, ao tempo que solicitamos se nos facilite copia do mencionado contrato.¿Ten recoñecidas as facturas?.

25.-Desexamos coñecer que cantidade se lle debe, a día de hoxe, á empresa ARTRE LUGO 2006 SL., que tipo de contrato existe coa mesma, ao tempo que solicitamos se nos facilite copia do mencionado contrato.¿Ten recoñecidas as facturas?.

26.-Desexamos coñecer que cantidade se lle debe, a día de hoxe, á empresa ATADELL FERREIRA JESÚS, que tipo de contrato existe coa mesma, ao tempo que solicitamos se nos facilite copia do mencionado contrato.¿Ten recoñecidas as facturas?.

27.- Desexamos coñecer que cantidade se lle debe, a día de hoxe, á empresa SUC.CAL GATO, que tipo de contrato existe coa mesma, ao tempo que



solicitamos se nos facilite copia do mencionado contrato. ¿Ten recoñecidas as facturas?.

28.- Desexamos coñecer que cantidade se lle debe, a día de hoxe, á empresa FERSAN, que tipo de contrato existe coa mesma, ao tempo que solicitamos se nos facilite copia do mencionado contrato. ¿Ten recoñecidas as facturas?.

29.-Desexamos coñecer que cantidade se lle debe, a día de hoxe, á empresa AUTOS MORAN, que tipo de contrato existe coa mesma, ao tempo que solicitamos se nos facilite copia do mencionado contrato. ¿Ten recoñecidas as facturas?.

30.- Desexamos coñecer que cantidade se lle debe, a día de hoxe, á empresa LOIS E LOIS, que tipo de contrato existe coa mesma, ao tempo que solicitamos se nos facilite copia do mencionado contrato. ¿Ten recoñecidas as facturas?.

31.- Desexamos coñecer que cantidade se lle debe, a día de hoxe, á empresa J.RAMON CASABELLA CHAO, que tipo de contrato existe coa mesma, ao tempo que solicitamos se nos facilite copia do mencionado contrato. ¿Ten recoñecidas as facturas?.

32- Desexamos coñecer que cantidade se lle debe, a día de hoxe, á empresa AS PIAS, que tipo de contrato existe coa mesma, ao tempo que solicitamos se nos facilite copia do mencionado contrato. ¿Ten recoñecidas as facturas?.

33.-Desexamos coñecer que cantidade se lle debe, a día de hoxe, á empresa CESAREO EIJO C.B., que tipo de contrato existe coa mesma, ao tempo que solicitamos se nos facilite copia do mencionado contrato. ¿Ten recoñecidas as facturas?.

34.- Desexamos conocer que cantidade se lle debe a día de hoxe á empresa COFERSA., que tipo de contrato existe coa mesma, ao tempo que solicitamos se nos facilite copia do mencionado contrato.¿Ten recoñecidas as facturas?.

35.-Desexamos coñecer que cantidade se lle debe, a día de hoxe, á empresa CESP.A., que tipo de contrato existe coa mesma, ao tempo que solicitamos se nos facilite copia do mencionado contrato. ¿Ten recoñecidas as facturas?.

36.-Desexamos coñecer que cantidade se lle debe, a día de hoxe, á empresa CONSTRUDECO., que tipo de contrato existe coa mesma, ao tempo que solicitamos se nos facilite copia do mencionado contrato. ¿Ten recoñecidas as facturas?.



37.-Desexamos coñecer que cantidade se lle debe, a día de hoxe, á empresa DEPLAT., que tipo de contrato existe coa mesma, ao tempo que solicitamos se nos facilite copia do mencionado contrato. ¿Ten recoñecidas as facturas?.

38.-Desexamos coñecer que cantidade se lle debe, a día de hoxe, á empresa , BUENAVISTA que tipo de contrato existe coa mesma, ao tempo que solicitamos se nos facilite copia do mencionado contrato. ¿Ten recoñecidas as facturas?.

39.-Desexamos coñecer que cantidade se lle debe, a día de hoxe, á empresa , EL PROGRESO DE LUGO que tipo de contrato existe coa mesma, ao tempo que solicitamos se nos facilite copia do mencionado contrato. ¿Ten recoñecidas as facturas?.

40.-Desexamos coñecer que cantidade se lle debe, a día de hoxe, á empresa, PORTOS DE GALICIA, que tipo de contrato existe coa mesma, ao tempo que solicitamos se nos facilite copia do mencionado contrato. ¿Ten recoñecidas as facturas?.

41.- Desexamos coñecer que cantidade se lle debe, a día de hoxe, á empresa, FUTURES, que tipo de contrato existe coa mesma, ao tempo que solicitamos se nos facilite copia do mencionado contrato. ¿Ten recoñecidas as facturas?.

42.-Desexamos coñecer que cantidade se lle debe, a día de hoxe, á empresa, ANSELMO GOAS, que tipo de contrato existe coa mesma, ao tempo que solicitamos se nos facilite copia do mencionado contrato. ¿Ten recoñecidas as facturas?.

43.- Desexamos coñecer que cantidade se lle debe, a día de hoxe, á empresa, GALLEGA DE UNIFORMES, que tipo de contrato existe coa mesma, ao tempo que solicitamos se nos facilite copia do mencionado contrato. ¿Ten recoñecidas as facturas?.

44.- Desexamos coñecer que cantidade se lle debe, a día de hoxe, á empresa, ANDRÉS GÓMEZ FERNÁNDEZ, que tipo de contrato existe coa mesma, ao tempo que solicitamos se nos facilite copia do mencionado contrato. ¿Ten recoñecidas as facturas?

45.- Desexamos coñecer que cantidade se lle debe, a día de hoxe, á empresa, HERCULES EDICION, que tipo de contrato existe coa mesma, ao tempo que solicitamos se nos facilite copia do mencionado contrato. ¿Ten recoñecidas as facturas?.

46.- Desexamos coñecer que cantidade se lle debe, a día de hoxe, á empresa, TALLERES SAN LÁZARO, que tipo de contrato existe coa mesma, ao tempo que



solicitamos se nos facilite copia do mencionado contrato. ¿Ten recoñecidas as facturas?.

47.- Desexamos coñecer que cantidade se lle debe a día de hoxe, á empresa, ASISOLIM ASISTENCIA SOCIAL Y LIMPIEZA S.L., que tipo de contrato existe coa mesma, ao tempo que solicitamos se nos facilite copia do mencionado contrato. ¿Ten recoñecidas as facturas?.

48.- Desexamos coñecer que cantidade se lle debe, a día de hoxe, á empresa, VAL DO NASEIRO., que tipo de contrato existe coa mesma, ao tempo que solicitamos se nos facilite copia do mencionado contrato. ¿Ten recoñecidas as facturas?.

49.- Desexamos coñecer que cantidade se lle debe, a día de hoxe, á empresa, LA VOZ DE GALICIA., que tipo de contrato existe coa mesma, ao tempo que solicitamos se nos facilite copia do mencionado contrato. ¿Ten recoñecidas as facturas?.

50.- Desexamos coñecer que cantidade se lle debe, a día de hoxe, á empresa, VERTIDOS CERO S.L., que tipo de contrato existe coa mesma, ao tempo que solicitamos se nos facilite copia do mencionado contrato. ¿Ten recoñecidas as facturas?.

51.- Desexamos coñecer que cantidade se lle debe, a día de hoxe, á empresa, TELEFÓNICA, que tipo de contrato existe coa mesma, ao tempo que solicitamos se nos facilite copia do mencionado contrato. ¿Ten recoñecidas as facturas?.

52.- Desexamos coñecer que cantidade se lle debe a día de hoxe á empresa, VICENTE ROLLE, que tipo de contrato existe coa mesma, ao tempo que solicitamos se nos facilite copia do mencionado contrato. ¿Ten recoñecidas as facturas?.

53- Desexamos coñecer que cantidade se lle debe, a día de hoxe, á empresa, PRADO BLANCO J. MANUEL, que tipo de contrato existe coa mesma, ao tempo que solicitamos se nos facilite copia do mencionado contrato. ¿Ten recoñecidas as facturas?.

54- Desexamos coñecer que cantidade se lle debe, a día de hoxe, á empresa, RAMÓN FERNÁNDEZ PERNAS, que tipo de contrato existe coa mesma, ao tempo que solicitamos se nos facilite copia do mencionado contrato. ¿Ten recoñecidas as facturas?.

E sen máis asuntos a tratar, o Sr. Alcalde da por rematada a sesión, cando son vinte e tres horas, de todo o que eu, como Secretario dou fe.



Vº. e Prace
O ALCALDE,

O SECRETARIO ACCTAL.,